

**COLEXIO PABLO VI-FÁTIMA**  
**AVDA. PABLO VI, Nº 3**  
**32350 A RÚA (OURENSE)**  
**TFNO. 988/310-050**  
**cpr. pablo.sexto@edu.xunta.es**

# **PROXECTO** **de** **FOMENTO DO USO DO GALEGO**



**CURSO 2017-2018**



## **01.-ANÁLISE DA CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO.**

No curso académico anterior, comezou neste centro educativo o proceso de elaboración da Planificación Sociolingüística do Centro (PSC), a cargo do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística (ENDL) e dos diferentes estamentos da comunidade educativa. Trátase dun proxecto aínda non rematado, que continuarán este e, probablemente, no vindeiro curso e que terá unha validez plurianual. Esta Planificación Sociolingüística iniciouse coa elaboración dunha serie de enquisas dirixidas a todos os compoñentes da comunidade educativa (Administración, Departamentos, alumnado, profesorado, persoal de administración e servizos e familias) co obxectivo de coñecer a realidade sociolingüística do centro, e a partir de aí poder marcar os obxectivos a acadar a medio e longo prazo, así como as medidas a poñer en práctica de xeito gradual ao longo do tempo. Tras unha breve e sinxela análise dos datos obtidos nas enquisas, pódense definir os catro índices que se consideran máis relevantes para ter un bo coñecemento da realidade sociolingüística deste centro e do seu contorno:

### **1.1.-A contorna sociolingüística do centro.**

Este punto refírese á maior ou menor presenza das linguas no contexto físico e social en que está situado o centro:

#### **a. Língua empregada habitualmente nas familias.**

A lingua que empregan habitualmente as familias nas súas interaccións (entre a parella, cos fillos, coa familia, cos amigos e no traballo) é só o castelán, seguido daquelas familias que usan máis castelán ca galego, as dúas linguas por igual, só galego, máis galego ca castelán e outra lingua. Diminúe o uso exclusivo do castelán e incrementase a porcentaxe dos que afirman usar as dúas linguas (con preferencia do castelán) nas interaccións coa familia, sobre todo aqueles con parentes asentados en contornos rurais.

#### **b. Língua empregada habitualmente nas interaccións comunitarias.**

A lingua que empregan habitualmente as familias nas súas relacións sociais (comercio, ocio, administración...) é máis castelán ca galego, seguido daquelas que empregan exclusivamente o castelán, as dúas por igual, máis galego ca castelán e só galego.

#### **c. Língua empregada polo concello.**

Nas capitais de provincia e nas grandes cidades o uso do galego está bastante estendido a nivel oficial (sobre todo, na documentación escrita),

#### **d. Língua empregada polas entidades asociativas da contorna.**

Nestas entidades asociativas a lingua habitualmente empregada continúa a ser o castelán, aínda que cómpre aquí manifestar tamén o apoio que algunha desas agrupacións, como é o caso da Asociación de Veciños Fontei, á normalización da lingua galega no centro e no contorno.

No curso anterior, esta Asociación de Veciños colaborou co ENDL do colexio na elaboración dun PROXECTO (VozNatura) realizado por alumnos de Educación Primaria en lingua galega para dar a coñecer o nome dalgunhas árbores e fauna que habitan no Encoro de San Martiño, e que, serviu de Proxecto para intentar a súa conservación e coidado, xa que, moitas veces os propios veciños estragamos lugares de gran beleza e interese para que os nosos pequenos poidan apreciar a riqueza e variedade de flora e fauna que medra ao noso redor.

## **02.- A SITUACIÓN DO PROFESORADO.**

As variábeis deste punto definen o perfil sociolingüístico do profesorado, esencial para definir as medidas que se deseñen na planificación, pois será o encargado de aplicar a maioría delas.

### **A.Lingua habitual do profesorado.**

A lingua falada habitualmente polos profesores do centro coas súas familias é máis castelán ca galego, seguido dos que empregan exclusivamente o castelán, só galego, as dúas por igual e máis galego ca castelán.

Nos intercambios comunicativos cos amigos presentan unha alta porcentaxe os profesores que tamén empregan máis castelán ca galego, moi seguidos polos que usan só castelán, as dúas por igual, e máis afastados se atopan os que fan uso só do galego e máis galego ca castelán.

No traballo os profesores empregan habitualmente máis castelán ca galego, seguidos polos que utilizan só o castelán, as dúas linguas por igual, só galego e máis galego ca castelán.

A lingua empregada polos docentes para impartir as súas clases é preferiblemente o castelán, aínda que lles seguen moi de preto os que utilizan indistintamente ambas linguas, pero moi afastados dos que só empregan a lingua galega. A lingua castelá tamén é a escollida pola maior parte do profesorado para falar cos alumnos cando non se atopan na aula, nas entrevistas coas familias, nas comunicacións escritas ás familias, nos escritos que fan fóra do traballo, nas súas lecturas habituais ou cando

falan con descoñecidos. O galego empregado en exclusividade nesas mesmas interaccións queda moi por debaixo nas porcentaxes. Nunha porcentaxe intermedia atópanse aqueles que utilizan indistintamente as dúas linguas neses contextos.

### **B. Nivel de capacitación para empregar o galego na actividade docente.**

Unha alta porcentaxe do profesorado do centro tivo o castelán como primeira lingua ou lingua materna, seguida dos que aprenderon a falar coa lingua galega. Os restantes, ou ben empregaron dende moi nenos as dúas linguas ou outra diferente. O contexto nos que se lles facilitou a aprendizaxe do galego foi fundamentalmente a familia, seguido daqueles que o aprenderon na escola, noutros contextos, coas persoas próximas e algúns achegados

recentemente a Galicia que están en proceso de iniciación ou perfeccionamento na lingua do país. En canto ao dominio do galego nas catro destrezas básicas de competencia lingüística, dos datos analizados pódese deducir que o dominio do galego se debilita nas interaccións orais e na expresión escrita, posto que é o castelán na lingua na que se senten máis seguros.

Son moitos os profesores que aprenderon galego na escola, unha alta porcentaxe realizou cursos de iniciación e perfeccionamento, e de especialización.

### **03. A SITUACIÓN DO ALUMNADO**

As variábeis deste punto definen o perfil sociolingüístico do alumnado, dende a súa competencia ata as súas actitudes, pois é importante saber cal é a súa bagaxe cando inician cada unha das etapas da escolaridade.

#### **A. Língua utilizada habitualmente polo alumnado na súa vida cotiá.**

É salientábel e alarmante o alto número de alumnos de Educación Infantil e Primaria nos que o galego non ten acto de presenza na súa vida cotiá, agás na escola e nalgún contexto puntual no seu contorno (asistencia a contacontos, libros de lectura, relación con avós ou familiares galego falantes, etc.). Nos alumnos de ESO e Bacharelato as relacións habituais que teñen co seu grupo de referencia, cos amigos, fanse nunha alta porcentaxe exclusivamente en castelán, máis castelán ca galego, nas dúas linguas por igual, máis galego ca castelán e só en galego.

Cando falan con alguén que non coñecen empregan preferentemente o castelán, as dúas linguas indistintamente adaptándose á lingua do interlocutor e son moi poucos os que empregan o galego.

Os escritos que fan fóra do traballo escolar están maioritariamente en castelán, nas dúas linguas e en galego.

#### **B. Língua empregada habitualmente no seu ámbito familiar.**

A lingua maioritaria na que o alumnado deste centro comezou a falar foi o castelán, algúns foron educados en galego e noutras linguas. O castelán é a lingua empregada habitualmente no ámbito familiar, sobre todo, nos alumnos máis pequenos. No alumnado de ESO e Bacharelato a familia convértese no segundo contexto de aprendizaxe da lingua galega, despois da escola, que cobra así moita importancia e pasa a ser o primeiro axente galeguizador. Cando estes rapaces acoden ás súas aldeas, empregan tanto o castelán coma o galego nas súas relacións. Os pais diríxense aos fillos fundamentalmente en castelán e os avós, que soen ser galego falantes, conservan o galego para as súas relacións cos netos.

No noso centro hai un grupo duns trinta alumnos procedentes de Castela-León que se comunican unicamente en castelán.

#### **C. Língua utilizada habitualmente polo alumnado no ámbito escolar.**

O alumnado de Educación Infantil e Primaria, debido ao menor número de horas lectivas en galego, amosa unha clara preferencia pola lingua castelá, en detrimento do galego.

Con todo, pódese dicir que a escola é o primeiro axente galeguizador para todo o alumnado: os primeiros contactos coa lingua e coa cultura galega comezan no ámbito educativo para moitos destes nenos e rapaces.

En ESO e Bacharelato os alumnos empregan no colexio máis castelán ca galego, só castelán, as dúas linguas por igual e máis galego ca castelán. O número de galego falantes totais é moi reducido. Estes alumnos falan e soen tomar os seus apuntamentos dependendo da lingua que empregue o profesor, e tamén estudan na lingua na que se imparta cada materia.

#### **D. Competencia comunicativa en galego.**

En canto ao dominio do galego nas catro destrezas básicas de competencia lingüística a situación do alumnado neste centro é a seguinte:

En Educación Infantil e Primaria fallan moito a destreza da fala e un pouco a da escrita.

En ESO e Bacharelato, dos datos analizados pódese deducir que o dominio do galego se debilita nas interaccións orais e na expresión escrita (aínda que amosan porcentaxes máis altas ca o profesorado debido á introdución do galego no ensino e á práctica desas destrezas en diferentes materias de estudo), posto que é o castelán na lingua na que se senten máis seguros.

#### **04.-SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO.**

Como xa se mencionou no apartado anterior, os alumnos máis pequenos non presentan marcadas actitudes negativas nin prexuízos lingüísticos. Prima neles a curiosidade por aprender e o dominio das destrezas en todas as linguas presentes no ámbito educativo. Aquí a normalización da lingua galega pasará por introducirse a través non só do seu estudo lingüístico, senón tamén dos xogos e outras actividades de carácter lúdico e cultural.

As actitudes cara á utilización do galego son positivas, sobre todo entre os alumnos de máis idade.

As variábeis deste punto buscan coñecer cal é a presenza que ten a lingua galega na vida do centro, fóra da que teña nas actividades docentes. Servirán para indicar en que medida o centro é, ou non, un ecosistema favorábel á utilización da lingua galega. Este centro, como se verá a continuación, márcase como obxectivo constituírse nun lugar no que ao alumnado castelán falante se lle presenten oportunidades para sentir o estímulo de aprender e utilizar o galego

**a. Presenza da lingua galega na documentación administrativa, no rotulado do centro, nas notas informativas dos taboleiros, etc.**

O galego está presente en todos estes ámbitos, sobre todo na documentación administrativa e no rotulado do centro (aulas, organización do centro, etc.).

**b. Emprego da lingua galega nas comunicacións orais e escritas co alumnado, coas familias e con outras institucións.**

Unha moi alta porcentaxe das comunicacións escritas dirixidas ao alumnado, ás familias e a outras institucións están en galego. Son menos as que se realizan de maneira oral.

**c. Emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado en contextos informais**

Son poucas as conversas fóra das actividades docentes nas que estea presente o galego, aínda que cada vez son máis, sobre todo grazas ao labor normalizador que o persoal docente comprometido coa lingua está a realizar dende hai uns anos (actividades deportivas, festivas...) e ás accións impulsadas dende o ENDL.

**d. Emprego da lingua galega por parte do persoal non docente do centro.**

Amósase neste eido un claro predominio do bilingüismo e de convivencia pacífica das dúas linguas, normalmente adaptadas á lingua empregada polo interlocutor.

#### **e. Emprego da lingua galega por parte da ANPA.**

Quizais sexa este ámbito o menos galeguizador para o alumnado, posto que a maior parte das comunicacións que fan ao alumnado e ás familias están en castelán.

#### **f. Emprego da lingua galega na realización das actividades extraescolares.**

Poderíase comentar neste aspecto o mesmo ca no apartado anterior. Son moitas, aínda que non todas, as actividades extraescolares que se levan a cabo en castelán por parte do persoal empregado para realizalas, que en moitas ocasións depende de empresas alleas ao centro.

#### **g. Dotación de fondos en galego na biblioteca.**

A biblioteca do centro está dotada de numeroso material en galego. Posúe un gran fondo bibliográfico (libros, revistas, etc.) e nos últimos anos, grazas ás aportacións realizadas polo ENDL e polo Seminario de Galego, se está a dotar tamén de fondos audiovisuais (música, cinema, etc.).

### **05.-OBXECTIVOS.**

- Promover e participar toda a documentación precisa (Proxecto Lingüístico e Plan Sociolingüístico do Centro) para poñer en marcha as reformas legais a aplicar no presente curso e nos seguintes, que substitúen o anterior Plan Xeral de Normalización do centro.
- Conseguir que os alumnos/as deste centro acaden a precisa competencia no uso da lingua galega.
- Promover accións que garantan os dereitos lingüísticos dos nenos/as galegofalantes durante toda a súa escolarización.
- Normalizar o uso do galego en todo tipo de actividades dentro e fóra do recinto escolar.
- Tratar de superar o rexeitamento que cara á lingua galega que amosa unha parte da Comunidade Escolar, castelán falantes, vencendo os prexuízos que rodean á lingua galega e o seu uso.
- Colaborar co Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares do centro estreitamente para que as accións que leve a cabo teñan presente a potenciación e uso do galego.
- Potenciar actividades que conduzan a unha normalización efectiva do galego con outros centros educativos.
- Informar e asesorar aos mestres sobre as estratexias educativas máis eficientes no terreo da educación bilingüe.
- Coordinar esforzos colectivos a prol da progresiva implantación do galego como lingua habitual do centro na súa dobre vertente oral e escrita.
- Velar pola implicación de todos os compoñentes da Comunidade Educativa no proceso de normalización.
- Utilización da páxina web do centro como vía de potenciación do uso do galego na actividade docente.

## **06.-ACTIVIDADES.**

### **06.-1**

#### **TÍTULO O PROXECTO LECTOR**

##### **DESENROLO**

Este proxecto, baixo o lema anteriormente citado, desenvolverase durante todo curso, en todo o centro educativo, en colaboración co Departamento de Linguas e coa implicación de todo o profesorado e alumnado do centro xunto con algúns pais.

É tarefa nosa, que nesta actividade os rapaces se sintan motivados á lectura en galego, que opten eles voluntariamente pola lectura na nosa lingua e, para iso, a mellor forma de facelo será a través da coherencia e do testemuño persoal, nada de presións que cansen ós nenos en lugar de conciencialos; hai que atraelos a través das actividades, a través da mostra de diferentes obras de tódolos xéneros, dende bandas deseñadas ata obras poéticas, narrativas ou teatrais, a través do diálogo.

##### **OBXECTIVOS**

- Fomentar o gusto pola lectura.
- Crear momentos de silencio, de tranquilidade, de reflexión momentos apropiados para a lectura e necesarios nun mundo no que todo pasa moi axiña, no que a lectura, que precisa dun tempo e dun espazo non interesa.
- Desenvolver a sensibilidade, a imaxinación creadora, a capacidade crítica.
- Fomentar e incentivar o interese por aprender, por saber.
- Fomentar o uso da biblioteca.
- Crear futuros lectores.

##### **ACTIVIDADES**

- Ambientación dos corredores e das aulas do colexio con carteis que conteñan o lema da semana e con citas de persoas recoñecidas ou fragmentos de obras nos que se eloxien a lectura e o mundo dos libros.
- Presentación de libros nas aulas por parte do profesor e dos alumnos en Educación Primaria e Secundaria, para motivar a lectura dos mesmos. En Educación Infantil e Primeiro Ciclo de Educación Primaria, os pais participan tamén con contos.
- Dramatización de textos na aula.
- Tempo diario dedicado á lectura individual ou colectiva na aula.

##### **MATERIAIS**

- Material de papelería: cartolinas, papel (continuo, charól, etc. ), pinturas,... para as actividades, murais, decorados...
- Material bibliográfico: Libros de citas e libros de lectura, películas...
- Fotocopias.
- Disfraces para caracterizar os distintos personaxes dos contos.

##### **PROFESORADO**

Equipo Directivo, EDNL e profesorado do centro.

##### **ALUMNADO**

E. Infantil, E. Primaria, E. S.O. e Bacharelato.

##### **TEMPORALIZACIÓN**

Todo o curso.

##### **ORZAMENTO**

350,00 €

**06.-2**
**TÍTULO A NOSA RADIO**
**DESENROLO**

Unha das propostas do Equipo de Normalización Lingüística é a da participación na actividade " A nosa Radio". A idea xorde DO PROFESORADO DO Departamento de Linguas. O noso centro dispón da súa propia emisora de radio.

Trátase dun proxecto PLURIANUAL no que os alumnos do colexio rotan. Nun curso participa Educación Primaria e ó ano seguinte participan os alumnos da ESO.

O obxectivo principal desta actividade é a de empregar o galego como lingua vehicular nun medio de comunicación que chega a un número moi elevado de persoas. Supoñendo que toda a poboación da zona escoitase o programa, poderíamos chegar a máis de trinta mil oíntes. O horario é de 12.40 a 13.00 os luns.

A maioría dos medios de comunicación ós que teñen acceso os rapaces empregan o castelán (cadeas de televisión, prensa, radio, internet,...), tratamos de amosarlles ós rapaces que o galego é unha lingua coas mesmas posibilidades comunicativas en medios falados e escritos; aínda máis, que é a lingua recomendable para achegarse a unha poboación rural e semiurbana maioritariamente galegofalante.

**OBXECTIVOS**

- Fomentar o traballo en equipo.
- Interrelacionarse coa sociedade na que se vive.
- Coñecer a radio "por dentro".
- Descubrir novos aspectos da cultura, tradicións e vivencias do entorno máis próximo, así como de Galiza en xeral.
- Valorar os medios de comunicación como fontes de información e de entretemento.
- Desenvolver actividades fóra do recinto escolar que promovan a convivencia e o respecto .
- Estimular o uso da linguaxe falada e escrita como medio de expresión da propia creatividade.

**ACTIVIDADES**

Cada curso centrará a preparación do programa sobre un tema específico. En clase, durante as tres semanas previas á participación na radio, traballarase, de xeito individual, en parellas ou grupos na elaboración do material a expoñer. Poden ser poemas, redaccións, diálogos, entrevistas, contos, investigacións, humor, etc. O profesor dará indicacións que fomenten a creatividade e sempre tendo en conta o medio onde se van a divulgar estes traballos. Impulsaremos a participación de tódolos alumnos e trataremos de que a maioría poidan ter o seu minuto nas ondas. Estarán implicados nesta actividade tódolos titores, os mestres de galego, os Mestres de plástica e os de coñecemento de medio; podendo intervir outros profesores que por diversos motivos teñan interese en sumarse a esta proposta. Entre os temas a tratar:

- As lendas populares.
- O día da música.
- O cambio climático.
- Os contos populares.

**MATERIAIS**

Micrófonos, altofalantes, gravadoras de voz (mp3-mp4), aparatos de música, etc.

**PROFESORADO**

Profesorado de Linguas, Coñecemento do Medio e Artística.

**ALUMNADO**

E. Infantil, E. Primaria, E. S.O. e Bacharelato

**TEMPORALIZACIÓN**

Todo o curso.

**ORZAMENTO**

250,00 €



06.-3

## TÍTULO SEMANA DAS LETRAS GALEGAS

### DESENROLO

Como tódolos anos, co gallo da celebración do 17 de Maio, do día dedicado ás Letras Galegas, ás Nosas Letras; o Equipo de Normalización Lingüística ten previsto realizar diversas actividades, dirixidas fundamentalmente ós alumnos, pero que alcanzarán tamén ó resto da Comunidade Educativa.

### OBXECTIVOS

- Facer fincapé no significado deste día, desta conmemoración.
- Dar a coñecer a figura do persoeiro homenaxeado este ano: Carlos Casares Mouriño.
- Potenciar e fomentar o uso do galego, tanto escrito coma falado, en actividades culturais, lúdicas, creativas e didácticas.

### ACTIVIDADES

- Preparación e distribución, por parte de Equipo de Normalización Lingüística, de diferentes actividades que realizarán os alumnos nas aulas sobre o persoeiro homenaxeado e sobre a razón de ser deste día, tendo en conta os distintos niveis educativos e as necesidades do alumnado.
- Elaboración da ambientación do colexio ( que sexa o resultado de algunhas das actividades planificadas ) con carteis, murais e debuxos que fagan referencia:
  - ✧ á celebración en si.
  - ✧ ó persoeiro homenaxeado.
- Ambientación musical do colexio utilizando para isto a megafonía. A través dela poderemos escoitar:
  - ✧ Música tradicional e moderna nas entradas e saídas do alumnado.
  - ✧ Un breve recital poético con poemas do autor homenaxeado e doutros autores, que se desenvolverá nos primeiros dez ou quince minutos de clase da tarde. Participarán alumnos de distintos niveis que se distribuirán ó longo da semana.
- Dramatizacións: dedicaremos especial atención á posta en escena de fragmentos de obras teatrais ou breves pezas en galego.
- Contacontos: os rapaces máis maiores, pais ou avós do centro traballarán diferentes contos populares que posteriormente escenificarán para os máis pequenos.
- Realización de contos ou poemas.
- Elaboración de paneis-murais que se colocarán en diferentes lugares do colexio para que poida chegar á toda a Comunidade Educativa . Será confeccionado polos alumnos con traballos realizados en tódalas actividades.
- "Todos en galego ": o último día da semana tanto o profesorado coma o alumnado empregarán a lingua galega en tódalas súas relacións, tanto na aula como fóra dela.

### MATERIAIS

- Material de papelería: cartolinas, papel ( continuo, charón, etc. ), pinturas,... para as actividades, murais, decorados, contacontos,....
- Material fonográfico: discos compactos de música galega tradicional e moderna, e de poemas musicados.
- Material bibliográfico sobre MARÍA VICTORIA MORENO e sobre as Letras Galegas.
- Material didáctico relacionado co homenaxeado e con esta data, adecuado ós distintos niveis educativos.
- Fotocopias coas diferentes actividades para cada alumno.
- Teas para poder confeccionar traxes que poden ser utilizadas tanto nas obras coma nos



<p>contacontos. -Libros que conteñan contos populares e obras teatrais.</p>
<p><b>PROFESORADO</b> -Profesorado de Lingua Española, Lingua Galega, Inglés, Francés e Cultura Clásica de ESO e Bacharelato. -Profesores membros do ENDL.</p>
<p><b>ALUMNADO</b> Alumnado de ESO e Bacharelato.</p>
<p><b>TEMPORALIZACIÓN</b> Busca de información e elaboración dos murais nas aulas de linguas dende comezos de abril, para que o día 23 dese mesmo mes os corredores estean xa ambientados.</p>
<p><b>ORZAMENTO</b> 250,00 €</p>

#### 06.-4

<b>TÍTULO CREACIÓN BLOG EDUCATIVO</b>
<p><b>DESENROLO</b> No presente curso se revisará a páxina do centro e do ENDL para converter a mesma nunha ferramenta eficaz no uso e potenciación da nosa lingua tanto por parte dos profesores e mestres como por parte dos educandos, mesmo das familias ou outros visitantes que poida ter a nosa páxina (por exemplo ex-alumnos, alumnos doutros centros interesados na información que o ENDL vai ir colgando como froito do traballo do presente curso e mesmo, reutilizando materiais didácticos de cursos anteriores). Trátase dun esforzo para que a páxina web sexa unha ferramenta de uso cotián, un recurso didáctico máis para a aprendizaxe do manexo da información á que queremos incorporar a nosa experiencia particular e facilitar á vez o acceso a páxinas galegas de interese para diversos ámbitos.</p>
<p><b>OBXECTIVOS</b> -Publicación das actividades máis salientables, dos concursos, dos gañadores,... no apartado creado para tal efecto na páxina web.</p>
<p><b>ACTIVIDADES</b> Ao incorporar de xeito planificado e con carácter xeral as TIC no centro cremos que deben ser tamén unha ferramenta eficaz na promoción e estímulo ao uso da lingua. O centro oferta, por exemplo, unha actividade extraescolar Informática, onde unha parte vai dirixida á elaboración de materiais didácticos a prol da competencia lingüística dos alumn@s a distintos niveis.</p>
<p><b>MATERIAIS</b> -Aula de informática, cds, dvds, mestre de tecnoloxía.</p>
<p><b>PROFESORADO</b> -Todo o profesorado do centro.</p>
<p><b>ALUMNADO</b> Todos os alumnos poden participar na preparación, Maquetación ...da páxina Web.</p>
<p><b>TEMPORALIZACIÓN</b> Todo o curso.</p>
<p><b>ORZAMENTO</b> 200,00 €</p>

06.-5

**TÍTULO** REVISTA XUNTOS.

**DESENROLO**

Publicación do noso colexio, coordinada polo ENDL, de gran calidade e moi boa impresión, que contén información de actividades realizadas ao longo do curso, entrevistas, artigos de opinión, cómics, debuxos, fotografías, suplemento literario... Distribúese a todos os membros da comunidade educativa (profesores, alumnos, P.A.S., relixiosos, familias...).

**OBXECTIVOS**

- ❖ Fomentar os usos orais e escritos da lingua galega entre todos os membros da comunidade educativa.
- ❖ Estimular a curiosidade, a investigación, a imaxinación...
- ❖ Achegar ao público xeral información sobre as actividades realizadas no colexio durante todo o curso.

**ACTIVIDADES**

- Distribución dos traballos e tarefas por cursos.
- Recollida do material para proceder o seu enmaquetado.

**MATERIAIS**

Gastos de impresión.

**PROFESORADO**

- Arredor de 10 profesores do centro.
- Profesores membros do ENDL.

**ALUMNADO**

Arredor de 100 alumnos de todas as etapas.

**TEMPORALIZACIÓN**

Convocatoria no mes de outubro para o alumnado participante, con elaboración de entrevistas, artigos... durante os meses seguintes, para saír publicada no mes de maio.

**ORZAMENTO**

Solicítanse 1.100,00 € para cubrir os gastos de impresión desta publicación.

06.-6

**TÍTULO TALLER DE TEATRO**

**DESENROLO**

O taller de teatro ten o seu fin coa representación das obras na semana cultural do colexio, pero o teatro favorece a relación armónica entre os alumnos, posto que lles permite tomar conciencia colectiva do traballo en equipo durante as sesións de preparación e ensaio.

O teatro traballa coa interrelación das artes: música, danza, canto e literatura.

En síntese, a dramatización e as estratexias didácticas teatrais polo seu carácter transversal se revelan como un instrumento didáctico eficaz para desenvolver aspectos das competencias básicas e especialmente: competencia en comunicación lingüística; competencia cultural e artística; competencia social e cidadán; competencia para aprender a aprender; e competencia en autonomía e iniciativa persoal. Impulsaremos a participación de tódolos alumnos e trataremos de que a maioría poidan ter o seu Papel nas obras representadas.

**OBXECTIVOS**

- Fomentar o traballo en equipo.
- Aprender a utilizar a linguaxe teatral e a alcanzar novos modos de comunicación.
- Realizar produtos esteticamente elaborados.
- Crear un clima libre de medos e temor ao ridículo.
- Desenvolver a propia identidade.
- Fortalecer a auto-imaxe.
- Desenvolver a auto-confianza e compartir emocións.

**ACTIVIDADES**

Representación das obras: “Brancaleves e os oito ananiños” e “Misterio nas Camelias”.

Ensaio semanas.

Aprendizaxe de diálogos.

Aprendizaxe de técnicas teatrais.

Posta en escea das dúas obras na semana Cultural.

**MATERIAIS**

Libros, fotocopias, carautas, disfraces...

**PROFESORADO**

-Arredor de 10 profesores do centro.

-Profesores membros do ENDL.

**ALUMNADO**

E.Primaria e E.S.O.

**TEMPORALIZACIÓN**

3 meses ao longo do curso.

**ORZAMENTO**

300,00 €.

06.-7

**TÍTULO ENTROIDO 2018**

**DESENROLO**

Durante unha semana traballarase nas aulas dos máis pequenos a recuperación dunha das figuras máis populares do Entroido galego. A través dunha unidade didáctica, que se lles presentará aos profesores destas etapas, os alumnos irán desenvolvendo unha serie de actividades para preparar o disface, que se intercalarán con outras xa programadas (fichas nos cadernos, ambientación de corredores...) e que rematarán co gran desfile na Festa dos Peliqueiros (canto de coplas e paseo polas aulas dos alumnos maiores do centro e polos corredores e patios de recreo).

**OBXECTIVOS**

- Desenvolver a expresividade e creatividade ao asumir diferentes roles como proba dunha imaxe positiva de si mesmo.
- Explorar as posibilidades motrices, sensitivas e expresivas axeitadas en actividades con disfraces.
- Identificar e diferenciar as principais festas no seu contorno cultural.
- Participar nas festas do Entroido, gozando e sentíndose integrado nos grupos nos que participa.
- Colaborar na realización de disfraces.

**MATERIAIS**

- Cartolinas, pinturas, serpentinas, purpurinas... para as carautas.
- Cordóns para as carautas e os cintos.

**PROFESORADO**

- Profesores-titores de E.Infantil e 1ºCiclo de E.Primaria.
- Profesores de Lingua Galega e Plástica do 2º e 3ºCiclo de E.Primaria.
- Profesores membros do ENDL.

**ALUMNADO**

- Alumnado de E.Infantil e E.Primaria.
- Alumnado de ESO e Bacharelato como colaborador na elaboración dos disfraces.
- Familias dos alumnos de E.Infantil e E.Primaria na provisión e decoración das cinzarras.


**TEMPORALIZACIÓN**

A actividade realizarase meses de xaneiro e febreiro de 2017:

- Luns: presentación da actividade.
- Martes: aprendizaxe da copla e comezo da elaboración das carautas.
- Mércores: repaso da copla e confección das carautas.
- Xoves: repaso da copla e elaboración dos cintos das cinzarras.
- Venres: desfile e festa.

**ORZAMENTO**

250,00 €.



## 06.-8

### TÍTULO *CONTOS COOPERATIVOS*

#### DESEÑO

Redacción e ilustración entre os diferentes alumnos dunha mesma aula dun conto sobre un tema determinado. Para este curso o tema do conto pode ser o Entroido, a Auga, Cincoenta Aniversario do colexio ou calquera outro tema que lles poida parecer interesante aos alumnos. O ENDL do centro seleccionará os mellores contos para seren publicados posteriormente na revista do colexio XUNTOS cunha mención especial.

#### OBXECTIVOS

- Utilizar a lingua galega nunha actividade na que se traballa a expresión oral e escrita
- Potenciar as artes plásticas.
- Aprender a realizar un traballo en grupo dentro da aula.
- Motivar aos alumnos para que valoren positivamente o uso da lingua galega.
- Desenvolver a imaxinación e a creatividade.
- Traballar eixos transversais.

#### MATERIAIS

- Cartolinas, pinturas, serpentinas, purpurinas...
- Imaxinación e creatividade.
- Papel.
- Pinturas, ceras, rotuladores...

#### PROFESORADO

Titores e profesores de Lingua Galega e Plástica de todos os cursos de Educación Primaria.

#### ALUMNADO

- Todos os alumnos de Educación Primaria (de 1º a 6º curso).

#### TEMPORALIZACIÓN

Farase a convocatoria e presentarse á actividade a comezos do mes de xaneiro e rematará o prazo de entrega a finais de marzo.

#### ORZAMENTO

350,00 €.

06.-09

**TÍTULO** FEIRA SOLIDARIA 2018

**DESENROLO**

En colaboración co Departamento de Acción Social do centro, o ENDL participa na ambientación desta actividade, aberta ao público, coa elaboración e o rotulado de todos os carteis e anuncios en lingua galega.

**OBXECTIVOS**

- Facer presente a acción do ENDL do centro nas actividades que nel se realizan.
- Colaborar co Departamento de Acción Social do centro na realización de actividades solidarias.
- Fortalecer a presenza do galego na rotulación e ambientación de actividades dirixidas a un público amplo.

**MATERIAIS**

- ✓ Papel continuo e de cores, así como cartolinas, para os rótulos e carteis.
- ✓ Pinturas, ceras, rotuladores...

**PROFESORADO**

- Profesores-titores de E.Infantil e 1ºCiclo de E.Primaria.
- Profesores de Lingua Galega e Plástica do 2º e 3ºCiclo de E.Primaria.
- Profesores membros do ENDL.

**ALUMNADO**

- Alumnado de E.Infantil e E.Primaria.
- Alumnado de ESO e Bacharelato como colaborador na elaboración dos disfraces.
- Familias dos alumnos de E.Infantil e E.Primaria na provisión e decoración das cinzarras.

**TEMPORALIZACIÓN**

A Feira Solidaria celebrarase o sábado, 25 de abril de 2018, no pavillón deportivo do colexio. Semanas antes, membros e colaboradores do ENDL, elaborarán os rótulos e carteis necesarios.


**ORZAMENTO**

300,00 €.

## 07.- RESUMO DE ACTIVIDADES PARA AS QUE SE SOLICITA AXUDA ECONÓMICA



ACTIVIDADE	CONTÍA
<b>O PROXECTO LECTOR</b>	350,00 €
<b>A NOSA RADIO</b>	250,00 €
<b>SEMANA DAS LETRAS GALEGAS</b>	250,00 €
<b>BLOG EDUCATIVO</b>	200,00 €
<b>REVISTA XUNTOS</b>	1.100,00 €
<b>TALLER DE TEATRO</b>	300,00 €
<b>ENTROIDO 2018</b>	250,00 €
<b>CONTOS COOPERATIVOS</b>	350,00 €
<b>FEIRA SOLIDARIA</b>	300,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>3.350,00 €</b>

COORDINADOR E.D.LINGUA GALEGA.



ASDO. JULIO PÉREZ VEIGA

Vº E PRACE



ASDO. JOSÉ MANUEL CARRASCO PASCUAL  
DIRECTOR COLEXIO PABLO VI-FÁTIMA





## 08.-ÍNDICE.

<b>01.-ANÁLISE DA CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO.....</b>	<b>2</b>
1.1.-A contorna sociolingüística do centro.....	2
a) A lingua empregada habitualmente nas familias.....	2
b) A lingua empregada nas interaccións comunitarias.....	2
c) A lingua empregada polo Concello.....	2
d) A lingua empregada polas entidades asociativas da contorna.....	2-3
<b>02.-A SITUACIÓN DO PROFESORADO.....</b>	<b>3</b>
a) A lingua habitual do profesorado.....	3
b) Nivel de capacitación para empregar omgalego na act. Docente.....	3
<b>03. A SITUACIÓN DO ALUMNADO.....</b>	<b>4</b>
a) Lingua utilizada habitualmente polo alumnado na súa vida cotiá.....	4
b) Lingua empregada habitualmente no seu ámbito familiar.....	4
c) Lingua empregada polo alumnado no ámbito escolar.....	4
d) Competencia comunicativa en galego.....	4-5
<b>04.- SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO.....</b>	<b>5</b>
a) Presenza da lingua galega na documentación administrativa.....	5
b) Emprego da lingua galega nas comunicación orais e escritas.....	5
c) Emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado.....	5
d) Emprego da lingua galega por parte do persoal non docente.....	5
e) Emprego da lingua galega por parte da ANPA.....	6
f) Emprego da lingua galega na realización das actividades extraesc.....	6
g) Dotación de fondos en galego na biblioteca.....	6
<b>05.-OBXECTIVOS.....</b>	<b>6</b>
<b>06.-ACTIVIDADES.....</b>	<b>7-15</b>
06.-1 PROXECTO LECTOR .....	7
06.-2 A NOSA RADIO .....	8
06.-3 SEMANA DAS LETRAS GALEGAS 2018.....	9-10
06.-4 CREACIÓN DUN BLOG EDUCATIVO .....	10
06.-5 REVISTA XUNTOS .....	11
06.-6 TALLER DE TEATRO .....	12
06.-7 ENTROIDO 2018.....	13
06.-8 CONTOS COOPERATIVOS .....	14
06.-9 RIFA SOLIDARIA .....	15
<b>07.- RESUMO DE ACTIVIDADES PARA AS QUE SE SOLICITA AXUDA ECONÓMICA.....</b>	<b>16</b>
<b>08.-ÍNDICE.....</b>	<b>17</b>



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO II

**CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES**

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
CPR.PABLO VI-FÁTIMA			R3200086A
NOME DO CENTRO EDUCATIVO			NIF
CPR.PABLO VI-FÁTIMA			R3200086A
NÚMERO DE UNIDADES	NÚMERO DE ALUMNOS/AS CURSO 2017/18		CÓDIGO DO CENTRO
15	199		32020631

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b>			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
JOSÉ MANUEL	CARRASCO	PASCUAL	10084182Q

<b>DATOS DA PERSOA COORDINADORA DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO</b>			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
JULIO	PÉREZ	VEIGA	34917982A

**SOLICITA**

Axuda económica para levar a cabo as actividades que se mencionan no proxecto que se achega con esta solicitude, e acóllese ao disposto na Orde do 16 de novembro de 2017 pola que se anuncia a convocatoria de subvencións para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade privada de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2017/18 (ED101A).

CANTIDADE SOLICITADA

3.350,00 €

TEMPORIZACIÓN	TÍTULO DA ACTIVIDADE (incluídas as que non teñen un custo económico)	RESPONSABLE/S E DEPARTAMENTO/S CORRESPONDENTE/S	PERSOAS DESTINATARIAS	ORZAMENTO	MATERIAL NECESARIO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES
3 MESES	TALLER DE TEATRO	LINGUAS-PLÁSTICA ENDL	EP.-ESO	300.00 €	LIBROS, FOTOCOPIAS, CARAUTAS, CARTULINAS...
XANEIRO, FEBREIRO	ENTROIDO 2018	E.I.-PLÁSTICA ENDL	EI-EP-ESO-BACH	250.00 €	CARAUTAS, FOTOCOPIAS, LIBROS, FOTOCOPIAS, CARTULINAS...
1º TRIMESTRE	CONTOS COOPERATIV	LINGUAS-PLÁST.	E P.	350.00 €	CARAUTAS, FOTOCOPIAS, LIBROS, FOTOCOPIAS, CARTULINAS...
MES ABRIL	FEIRA SOLIDARIA	E I-EP.	EI-EP-ESO-BACH	300.00 €	PAPEL CONTINUO, PINTURAS...

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

*[Handwritten signature]*

Lugar e data

A RÚA DE V. , 10 de XANEIRO de 2018



Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de OURENSE

 **REDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> - Termos previas na súa norma reguladora

CVE-DOG: ybfaiwq5-wvc0-flo8-omu5-vn9rvnjalm87



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>